



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras do Desfile de Carrozas de entroido 2026.

Visto o documento RC, de data 14 de xaneiro de 2026 (número de asento 2026 / 0 / 33000 / 4802023 / 01) por importe de 12.000,00 euros.

Visto o informe emitido o 14 de xaneiro de 2026 polo Asesor Xurídico do Concello.

Visto o informe emitido o 14 de xaneiro de 2026 pola Viceinterventora.

En base das facultades conferidas na vixente lexislación,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar as bases do Desfile de Carrozas de entroido 2026 tal e como figuran redactadas.

BASES DO DESFILE DE COMPARSAS ENTROIDO 2025

BASES DO DESFILE DE COMPARSAS ENTROIDO 2026

O Concello de Ponteareas, no seu afán por fomentar e preservar os nosos sinais de identidade, convoca a participación no entroido 2026 (14, 17 e 18 de febreiro) atendendo as seguintes

BASES:

1.- Poderán participar neste desfile todas as asociacións culturais, deportivas, etc. así como todos os grupos ou colectivos legalmente constituídos interesados en participar e divertirse nas festas do Entroido.

2.- As asociacións e colectivos interesados en participar terán que **presentar unha solicitude a través da Sede Electrónica**, coa seguinte documentación:

- Fotocopia do CIF do colectivo
- Autorización para consultar o DNI da persoa representante da entidade solicitante
- Anexo 1. Solicitude debidamente cuberta
- Anexo 2. Certificado acreditativo da representación da entidade
- Anexo 3. Listado de participantes na comparsa



- Anexo 4. Autorizacións asinadas polos/as titores/as legais dos menores de idade para que poidan participar nas carrozas e poidan aparecer nas fotografías e vídeos
- Anexo 5. Autorización para que o Concello comprobe se o beneficiario se atopa ao corrente das obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social. Se non presentan a autorización asinada deben presentar os certificados no momento da solicitude e volver a presentalos de xeito inescusábel no momento en que se vaia a proceder ao pago
- Anexo 6.- Ficha de terceiros ou certificado da conta corrente (Se participa por primeira vez e non cambiou o número de conta)

É obrigatorio o uso dos formularios normativos, que estarán a disposición dos interesados na web do Concello www.ponteareas.gal, a través do enderezo electrónico departamentocultura@ponteareas.gal e nos teléfonos 986 661 674 - 618 705 639.

Na solicitude debe figurar: Nome da asociación, comparsa ou agrupación e o CIF da mesma; Título ou emblema da comparsa; Número de compoñentes; Uso ou non de carroza; Interpretación ou non de coplas; Nome, DNI e teléfono da persoa representante da comparsa.

3.- Establécese un límite **máximo de 10 comparsas** participantes. Os premios e axudas recollidas nestas bases, serán por un importe máximo de 12.000,00 euros que se concederán con cargo a partida 33000-4802025. A inscrición pecharase no momento de esgotar o orzamento asignado en función do número de participantes de cada comparsa.

En caso de rexistrárense máis comparsas que as fixadas, darase preferencia ás do termo municipal de Ponteareas; e dentro destas as que acudan os dous días e por último, as que veñan acompañadas de carroza.

4.- O **prazo de inscrición** comeza ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e **finalizará o 8 de febreiro ás 23:59 horas**.

5.- Os **días de desfile** fixados serán, o sábado 14 **de febreiro ás 21:00 horas e o martes 17 de febreiro ás 19:00 horas. Ademais participarán o mércores 18 de marzo ás 20:00 horas**, de rigoroso loito, no enterro da sardiña. Para ter dereito ao cobro das cantidades fixadas por participar, cada comparsa comprométese a asistir aos desfiles e actos programados o domingo, o martes de entroido e o mércores no enterro da sardiña.

Para o caso que se suspenda algún dos desfiles, estes pasarán a un día acordado entre o concello e as comparsas.

6.- O **cómputo de participantes** realizarase o domingo e o martes tanto á saída como durante o desfile, ao longo do percorrido, polas traballadoras do departamento de Cultura. O martes poderá reducirse o número de participantes de cada comparsa ata un máximo dun dez por cento. O mércores deberán participar no Enterro da sardiña como mínimo o vinte e cinco por cento de cada comparsa.

En caso de que as comparsas non acheguen o número mínimo de participantes, descontaráselles un vinte e cinco por cento da asignación.

As comparsas que asistan ao desfile só o domingo ou o martes, unicamente percibirán **300 euros** en concepto de participación.



Cada comparsa deberá contar cun **mínimo de 25 participantes** para poder optar ás mencións e ás gratificacións en concepto de participación.

7.- O Concello establece unha **axuda por participación** para cada comparsa, sempre que participe os tres días sinalados, o importe será en función do número de participantes:

- Ata 25 membros..... 500,00 euros.

A partir de 26 membros, incentivarase cada membro da comparsa con 10 €, cun máximo de 1.500 euros. Computarán como participantes o condutor (1 persoa) e ata dúas persoas asistentes, sempre que vaian caracterizadas acorde co tema da comparsa e estean anotadas no listado de participantes indicando a súa función.

Cada comparsa que interprete coplas recibirá unha gratificación de **200 euros**.

As cantidades percibidas estarán suxeitas as **retencións fiscais** que correspondan.

8.- Requisitos que deben cumprir as comparsas

- a) Todas as persoas integrantes da comparsa deben facer o percorrido completo, e se xurde algún problema deberán comunicarllo á organización.
- b) As coreografías das comparsas en ningún momento poden relentizar a marcha normal do desfile.
- c) Os altofalantes estarán dirixidos cara o interior da comparsa, e se fose requirido pola organización baixarán o volume da música.
- d) A distancia entre comparsas será establecida pola organización.
- e) Cada comparsa deberá ter un **cartel identificador**, visíbel, colocado no inicio da comparsa no que conste o nome da comparsa e o título ou emblema.
- f) Os **vehículos a motor** deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e tanto os vehículos como as carrozas deben cumprir coa normativa de seguridade aplicábel e cos requisitos establecidos.
- g) É responsabilidade dos participantes comprobar que as carrozas deben ter un tamaño que lles permita poder desfilas perfectamente polas rúas do recorrido.
- h) Non se permite a utilización de animais, bebidas alcohólicas, petardos, bengalas e calquera outro elemento que poida ocasionar danos ao público e aos demais participantes.

O incumprimento das indicacións da organización suporá a retirada do desfile e deixará de percibir as axudas por participación facéndose constar as incidencias no informe que realizarán os traballadores municipais.

9.- As comparsas participantes que procedan de fóra do casco urbano, terán que ter preparadas as carrozas ás 09:00 horas do día do primeiro desfile para facilitar o seu traslado dentro do termo municipal.

10.- O **xurado** estará integrado polo Concelleiro de Cultura, que actuará como presidente, tres persoas representantes de diferentes ámbitos económicos, sociais e culturais e un traballador ou traballadora do Departamento de Cultura, con voz e sen voto, quen levantará acta da decisión do xurado.

Outorgarase cinta ou diploma ás comparsas atendendo a características tales como: **orixinalidade, temática, vestiario, animación musical en directo, coreografía, coplas, tradición, interacción co público, uso de materiais**



reciclados e ecolóxicos e a mellor carroza, ou outras que decida o xurado.

Cada comparsa poderá recibir un máximo de 2 mencións.

O xurado valorará os diferentes aspectos dando unha puntuación do 1 ata o 5 e poderá declarar deserta calquera das anteriores mencións ou crear outras novas se o considera oportuno.

O fallo do xurado será inapelábel e adoptarase por maioría simple. O resultado comunicarse a todos os participantes.

As **coplas** recitaranse ou cantaranse en lingua galega. Valorarase a métrica, rima, a ironía e retranca propias do entroido galego. Poderán ir acompañadas de instrumentos musicais. Se para as coplas se emprega unha música gravada, e por problemas técnicos non se pode reproducir, a organización declina toda responsabilidade.

Poderán interpretar as súas **coplas** nun escenario habilitado para estas actividades na Praza Maior. En función do número de comparsas e grupos inscritos, a organización poderá establecer un tempo máximo por comparsa para a interpretación das coplas.

11.- O **órgano competente** para a ordenación e instrución será o Departamento de Cultura. Unha vez recibidas as solicitudes dende a concellería de cultura, o persoal municipal comprobará se as comparsas inscritas cumpren cos requisitos esixidos, e comunicaralles se están admitidas ou non.

12.-. **Resolución.** Unha vez visto o fallo do xurado, e visto o informe emitido polos traballadores do Concello, o tenente de alcaldesa ou a persoa en quen ela delegue resolverá sobre o resultado final do mesmo indicando as mencións e cantidades por participación que recibirá cada comparsa participante.

Así mesmo, devandito resultado publicarase nos mesmos medios antes expostos para o seu coñecemento.

13.- En caso de mal tempo, a organización comunicará a decisión de suspender o desfile **ás 12 da mañá** e comunicárase por whatsapp ao teléfono do representante que figure na solicitude presentada por rexistro de entrada. Tamén se difundirá nas canles oficiais do Concello de Ponteareas.

14.- A obtención das axudas económicas por participar no Desfile de Carrozas e Comparsas é **compatíbel** coa obtención doutras axudas ou subvencións para o mesmo fin.

15.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen que esta estea obrigada a comunicalo previamente.

16.- Protección de datos:

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO E O ART. 8 Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais)

Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais? Concello de Ponteareas [P3604200]. Dirección Postal: Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra. Teléfono: 986640000. Correo electrónico: info@ponteareas.gal

Correo postal: Rexistro Xeral. Xardíns da Xiralda s/n. Ponteareas. 36860 Pontevedra

Delegado de Protección de Datos. Datos de contacto: dpd@ponteareas.gal



Con que finalidade tratamos os seus datos? Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os procedemento que regula os PREMIOS E AXUDAS DO DESFILE DE COMPARSAS DO ENTROIDO 2026.

Por canto tempo conservaremos os seus datos? Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coa tramitación deste procedemento, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. De conformidade co regulado no artigo 26 da Lei 3/2018 (LOPD-GDD) será lícito o tratamento por esta Entidade dos datos con fins de arquivo en interese público, sempre cumprindo coa normativa vixente de arquivos e documentación.

Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais? A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento coa solicitude de participación.

A que destinatarios comunicaranse os seus datos? Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir con fins relacionados coas competencias legais das administracións.

Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados?

Calquera persoa ten ****dereito a obter información **sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen ****dereito a acceder ****aos seus datos persoais, ao prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento. Así mesmo, ten ****dereito de rectificación ****dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc.). Os interesados teñen ****dereito á limitación do tratamento, ****para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento dos datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude. Os interesados poderán exercer o ****dereito de supresión ***(dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD e segundo o regulado no artigo 15 da LOPD-GDD. O afectado pode exercer o ****dereito de oposición ****ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa. O interesado terá ****dereito á portabilidade ****a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados**************************

Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por correo postal.

Cando podo exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control? Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

17.-A participación no desfile supón a aceptación das presentes bases.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto polo importe de 12.000€: doce mil euros con cargo á aplicación orzamentaria 3300-4802023 do Orzamento Xeral de 2026.



CUARTO.- O prazo de admisión de solicitudes comezará a contar a partir do día seguinte á publicación do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións no Boletín Oficial da Provincia e remata o , ademais, tamén se publicará no taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Ponteareas.

Documento asinado electronicamente á marxe,

O 1º Tte. de Alcaldesa

(Decreto de Alcaldía núm. 2023-2084, do 19 de outubro de 2023)

